



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 4
-----------------	--	-------	--	--------	---------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:			
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:	
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	☐ Home ☐ Muller
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía		
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea		
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos		

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



2019410001

Celga



Certificado
Lingua
Galega

4



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-A-I-19

Proba A1

Vostede colabora nunha revista da súa vila sobre ecoloxía e decide escribir un **artigo** sobre os incendios forestais. Para elaborar o texto, de **400 palabras**, basearase no audio que acaba de escoitar, e nel debe:

- Presentar o investigador Serafín González e explicar en que consiste a súa investigación.
- Indicar cales son as mellores opcións que se poden adoptar despois dun incendio e sinalar as súas vantaxes e inconvenientes.
- Valorar a importancia da investigación na loita contra os incendios forestais e noutros temas ambientais.
- Opinar sobre a responsabilidade da sociedade na prevención dos incendios forestais e no coidado do medio.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Vostede é membro dunha asociación de comerciantes da súa vila e quere promover actividades e iniciativas que teñan que ver coa economía solidaria. Para iso, e con base nos textos que ten a continuación, escriballes unha **mensaxe electrónica** aos socios na que, en **400 palabras**, debe:

- Informalos sobre as redes de economía alternativa e solidaria e sobre o modelo económico que defenden.
- Explicarlles por que lle parece conveniente fomentar a economía solidaria na asociación e propoñerlles adherirse á Rede de Economía Alternativa e Solidaria de Galicia.
- Presentarlles a cooperativa Cestola na Cachola como mostra dun modelo empresarial alternativo.
- Opinar sobre a repercusión que podería ter na vila esta aposta pola economía solidaria.

Rede de Economía Alternativa e Solidaria (REAS)

No ano 1995, xorde a Rede de Economía Alternativa e Solidaria (REAS), composta por máis de 500 entidades e empresas de economía social, que se agrupan en redes territoriais e sectoriais. REAS é unha asociación de carácter non lucrativo, sen filiación partidista nin relixiosa, e o seu ámbito de actuación constitúe todo o territorio do Estado español.

Na actualidade, REAS é unha plataforma que agrupa 14 redes territoriais (Andalucía, Aragón, Baleares, Canarias, Castela e León, Cataluña, Euskadi, Extremadura, Galicia, A Rioxa, Madrid, Murcia, Navarra e Valencia), así como 4 redes sectoriais (Mesa de Finanzas Éticas, Asociación Española de Recuperadores da Economía Social e Solidaria, Coordinadora Estatal de Comercio Xusto e Som Enerxía).

REAS Galicia

REAS Galicia forma parte desta rede de redes que defende que “outra economía é posible”, a economía solidaria, que nace da convicción de que o modelo tradicional de consumo, centrado no beneficio económico, non se pode seguir mantendo por moito máis tempo. A economía solidaria propón inverter as prioridades da economía tradicional —obtención e acumulación de riqueza— e poñer en primeiro termo o respecto polos dereitos humanos, a protección do medio natural e a dignidade das persoas. É un tipo de economía con carácter ético. E isto, que en principio podería parecer utópico, concrétese con accións e feitos moi reais, e con resultados cada día máis tanxibles, como poden ser a expansión das redes de comercio xusto, o aumento das cooperativas de traballo e a aposta crecente por procesos de produción, traballo e distribución autoxestionados, emprendidos por persoas e comunidades de todos os recantos do planeta. A estas mostras de economía solidaria tamén lles podemos sumar o consumo colaborativo, ou economía colaborativa, un sistema económico que está crescendo a

un ritmo vertixinoso no que se comparten e se intercambian bens e servizos a través de plataformas dixitais.

Na actualidade, REAS Galicia está formada por entidades pertencentes aos sectores da produción e transformación ecolóxica, da comercialización do produto ecolóxico e do comercio xusto; das tecnoloxías da información e da comunicación; do deseño gráfico; da bioconstrución; da inserción sociolaboral; da difusión, animación e produción cultural e educativa; da artesanía e apoio ao cooperativismo, entre outros.

REAS Galicia ten como obxectivo impulsar e apoiar unha rede de empresas solidarias que fomenten o respecto ás persoas e ao medio natural en todos os eidos (produción, comercialización, construción, servizos...). Apoia, así mesmo, o desenvolvemento de recursos financeiros éticos e solidarios. E pretende difundir e dar a coñecer a economía solidaria na sociedade galega e aumentar, na comunidade galega, o tecido empresarial con características éticas e solidarias.

Texto adaptado de http://www.economiasolidaria.org/red_redes

Cestola na Cachola, unha cooperativa para consumir con “cachola”

A orixe desta entidade de economía social e solidaria, que se move por terras galegas —especialmente por Compostela, Lalín e Ourense—, explícase pola unión de experiencias arredor da ilustración, da pintura e do muralismo... e tamén pola súa implicación en movementos sociais e con entidades de economía social e solidaria. A través de Cestola na Cachola, Sociedade Cooperativa Galega, ponse a andar un proxecto empresarial plasmado dun modo diferente.

Cestola na Cachola é unha cooperativa de traballo asociado onde as persoas asociadas unen forzas para promoveren un tipo de empresa diferente e na que fan o que mellor saben facer: pintar. Así, aplican a pintura e a ilustración a diversos formatos para desenvolveren varios eixes de traballo. Por exemplo, realizan murais por encarga para empresas, particulares e administracións públicas. Esta é unha liña fundamental en Cestola na Cachola e supón unha novidade en Galicia.

Tamén entra no campo da cooperativa a creación de cadros orixinais e a súa reprodución en láminas e postais. Por outra banda, no eido da ilustración, Xoana e Miguel —que son a parte “artística” da cooperativa— contan xa con varios libros publicados coa editorial galega Triqueta Verde. E outra das liñas fundamentais da cooperativa Cestola na Cachola é promover o que denomina “moda ética”, dentro dunha estratexia de promoción do consumo responsable de roupa, a través da serigrafía de deseños orixinais de Cestola na Cachola sobre pezas de roupa producidas baixo criterios de comercio xusto, o que supón tamén a promoción da reutilización de roupa.

Con carácter transversal, ofrécese servizos variados orientados sobre todo á divulgación da economía social e á sensibilización sobre o consumo responsable. Estes servizos pretenden ofrecer opcións atractivas e coherentes coas necesidades de consumo, especialmente de arte e roupa, e van dirixidos fundamentalmente ás persoas sensibilizadas coa importancia de consumir con “cachola”. Porén, tamén se dirixen á cidadanía en xeral, coa finalidade de contribuír á consecución dun sistema social e económico máis xusto.

Cestola na Cachola non conta cun espazo físico propio. No entanto, si ten unha web na que, á parte dunha tenda en liña, se poden coñecer os produtos e os servizos que oferta. Alén disto, tece redes con outras iniciativas, coas que trata de promover espazos conxuntos. E, se te moves por terras galegas, poderás ver a Cestola na Cachola expoñendo en feiras culturais, de artesanía, de promoción de consumo responsable e economía social e solidaria... ou quizais pintando nun vello muro que cobrará vida despois de plasmar sobre el cores e deseños.

Texto adaptado de <http://www.economiasolidaria.org>

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

